

# Espida voz

---

*Con andar ao leu*

---

 ARMANDO REQUEIXO

---

Os máis atentos seguidores da poética galega actual han saber de Elvira Riveiro Tobío, pontevedresa de Cerponzóns que dende o 2001 para acó leva dado a coñecer interesantes relatos e poemas en moi diversas páxinas web (andar21.net, b v g . u d c . e s , es.geocities.com/alkionehoxe, incomunidade.com.sapo.pt, culturagalega.org, geocities.com/contosinfimos...) e aínda en libros colectivos (como a antoloxía burlanegresca *Sempre mar*, 2003 e a comunal *Das sonoras cordas*, 2005) ou revistas alternativas (*A Caramuxa*, *Verbo Xido*).

Pois ben, dende non hai moito a filóloga e ceramista das “Redes Escarlata” é tamén autora con obra impresa en volume grazas á publicación dentro da asentada Colección Tambo do seu primeiro poemario, *Andar ao leu*, ao que ten seguido en datas ben recentes *Arxilosa* na non menos celebrada Colección Hipocampo Amigo.

En *Andar ao leu* reúnese algo máis dunha trintena de textos distri-



buidos en cinco seccións, moi dispares tanto polo número coma pola natureza das composicións que acollen. Así, namentres na “Tribo de palabras mutiladas” e “O zume exquisito da biqueira” espellan versos antes que nada amatorios, con “Mulleres as que me habitan” dáse cabida á poesía de raiceira feminista, que se ve complementada no seu compromiso social nas decididas “Rebelións” patrióticas e reivindicativas ás que se pon termo co “Fecho” final.

Nos poemas deste libro non se oculta -máis

ben homenaxéase- a presenza dos modernos mestres do venusiano sonetístico (Darío Xohán Cabana á cabeza), a erótica simbólica e subversiva (Ferrín e dignas sucesoras dos 90 na estela) ou o neosocialrealismo de máis nova onda (poscelsoemiliano e antiprestixieiro para máis sinais). E aínda que textos hai de lograda factura no érotico, no urro pro-igualitario e equixenérico e mesmo no lírico combativo, para min quedo co sensualismo amoroso de certas composicións e o metapoético doutras abondo reflexivas sobre da tarefa propia.

A alma creativa de Riveiro Tobío fica ao leu, espida toda ela, núa de necesidade neste prometededor *Andar ao leu*. Que as naves sexan propicias e a singradura futura descubra illas paradiso nas que seguir a arrouparnos cos versos onda que agora nacen.

---

RIVEIRO TOBÍO,  
*Elvira, Andar ao leu*, Ed.  
Deputación de  
Pontevedra, 2005, 59  
páxinas